



## Consello de Galiza

Buenos Aires, 25 de febreiro do 1969.-

Sr.  
Delegado do CONSELLO DE GALIZA  
D. Xavier Alvajar  
PARIS

Da nosa estimanza:

No noso poder o seu informe do 23 de xaneiro, pasado, que foi lido na xuntanza que onte fixo o Consello. Agradecemos as súas informacións e pasamos a informalo do seguinte:

CONTACTOS CO INTERIOR.- Síguense os traballos de artellamento. As condicións creadas polo "estado de eisceición" fai que teñamos que ter moita prudencia neste intre. De eiquí parte pra Galicia o irmán Antonio Álvarez. É membro da Irmandade e home de confiar. É posibel que o visite e poida ser portador de calisquer mensaxe que vostede queira darlle pra levar a Terra.

INTEGRACIÓN DO CONSEJO FEDERAL HESPAÑOL.- Estamos a espera de si vosde poido nomear algún galego radicado en París, pra acompañalo, dacordo ca nosa derradeira carta que lle mandamos. Rogamos nos informe. É importante nos diga quen é o Coronel de Aviación que lle propuxo Ridruejo pra ver deestablecer contactos con él no interior. En Madride temos xente da nosa causa que militou no Partido Galeguista e pode ser importante que se coñozan.

REUNION DE PARTIDOS POLITICOS.- Tomamos coñocimento de que a xuntanza pode ser en Bélxica ou no sur de Francia. Asegurámoslle a presenza de un Delegado do CONSELLO DE GALIZA na reunión devandita. Irá de Buenos Aires. Pode anunciálo con seguridade.

AXUDA ECONOMICA.- Esperamos haberá recibido a asignación de xaneiro. A de febreiro e xirada o día 27 do aitual, regamos confirmar chegada do primeiro xiro e logo de segundo.-

ADHESION A ENTIDADES EUROPEAS.- Estamos a espera dos datos pedidos sobor da adhesión as entidades europeas que xunguen as nacionalidades étnicas menores da Europa. Urxe resposta pois de ir a nosa adeisión a elas, sería seguida dunha visita do delegado que viaxe a xuntanza dos partidos políticos o fins de eispricar ampliamente o probrema que vive a nosa nacionalidade.

AXUDA OS PRESOS POLITICOS GALEGOS.- Xa sabemos todo sobor do particular. O destiño do diñeiro está



## Consello de Galiza

ben apricado e vai dirixido o pago de multas e a axudar as familias dos presos que quedan no desamparo. O Consello xirou xa 25.000 pesetas a conta do que se recade eiquí pra pagar a multa imposta o poeta Manuel María o que lle aplicaron unha sanción de 75.000, por un acto levado a cabo na Facultade de Cencias Economicas de Madride. Caracas tamén mandou axuda e estamos a espera do que fagan as delegacións de México e Montevideo.

CONTACTOS CON PARTIDOS HESPAÑOLES DO INTERIOR.- Facemoslle saber que en abril sal pra Hespaña D. Lois Guede e en maio D. Ricardo Flores. Os dous son Conselleiros e pretendemos que viaxen a París. Eles lle comunicará chegado. Pregamoslle reservar esta noticia pra que o seu traballo en Galicia sexa poaitivo e sin impedimentos. Fai falta polo tanto nos mande figuras cas que poidan falar no interior a prol dos nosos problemas. Como é lóxico mande tamén as direciós e, si pode, sinale tema de converdación e pensamanto de ca un. Esto urxe.

NOVAS DELEGACIONES:- En Caracas estamos xa cunha delegación que recén arrinca. O Delegado e o Sr. Baldomero Gallego. Na carta próisima darémoslle o seu enderezo. En Estados Unidos fixeronse xa contactos a espera dos seus resultados. Esta delegación e moi importante polo papel que pode xugar nun futuro cercano pra esclarecer o noso pensamento político frente a quenes poden ter gravitación no noso futuro.

MANIFESTO O INTERIOR.- Frente os intrés que vive Hespaña, o Consello consideróu oportuno remitir o interior un manifesto de solidaridade aos que loitan en Galicia e sufren cadea e persecuciós. E o primeiro que se manda. Denos a súa opinión sobor este asunto e apúntenos, pois non será un soio o que se mande, si considera de intrés tocar, nos próisimos, algún tema específico pois a súa ubicación tan cerca da Patria pode permitirlle ter algunha información que sexa necesario destacar pro maior efecto do manifesto.-

Sin outro particular, rediba o saúdo dos señores Conselleiros e a invariabel amizade de todos

POLO CONSELLO DE GALIZA  
*V. Fernandez*  
Valentin Fernandez  
Segretario de Gobierno e  
Coordinación Xeral

*Escribame a  
Jose Boufacio 482*

BRASIL 1182 - BUENOS AIRES  
REPUBLICA ARGENTINA

*Mu abas*